

# 3

## Emprego

O estudio do mercado de traballo na área funcional de Santiago que se realiza a continuación, está dividido en dous grandes apartados.

En primeiro lugar considéranse os datos propios do mercado de traballo recollidos tanto no Censo de Poboación e Vivendas 2001, que contén datos da distribución da poboación en vivendas familiares de 16 e máis anos segundo a súa relación coa actividade económica (poboación activa, poboación inactiva, poboación ocupada e parada, taxas de ocupación, paro e actividade), como no *Informe comarcal do mercado laboral* do ano 2005 publicado pola Xunta de Galicia.

Seguidamente realiza un estudio das medidas activas de emprego, facendo referencia aos programas de mellora da empregabilidade, ás actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral, ás actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego e aos programas de cooperación e escolas obradoiro. Para a realización deste apartado tense en conta a información recollida nas *Medidas activas de emprego. Balance de resultados* correspondentes aos anos 2003 e 2004.

### Mercado de traballo

A análise do mercado de traballo realiza a partir da información recollida no Censo de Poboación e Vivendas 2001 publicado polo IGE, así como do Informe comarcal do mercado laboral da Xunta de Galicia. En primeiro lugar preséntanse os datos da taxa de actividade, taxa de ocupación e poboación ocupada e taxa de paro correspondentes ao ano 2001, para posteriormente analiza-los datos do desemprego rexistrado nas oficinas de emprego da Xunta de Galicia a 31 de decembro de 2004 e 2005.

#### • Actividade e ocupación

Atendendo aos datos do Censo de Poboación e Vivendas de 2001, a poboación en vivendas familiares maior de 16 anos na área funcional de Santiago ascendeu a 326.025 persoas (o 34,1% do total da provincia de A Coruña e o 13,9% do total galego), das que 170.037 eran mulleres e 154.988, homes.

A poboación activa na área funcional de Santiago, ascendeu no ano 2001 a 167.234 persoas, das que 148.471 están ocupadas e 18.763 son persoas desempregadas (**adro 3.1**). Atendendo á distribu-

**CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL**  
**INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA**

*Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares 2001: distribución segundo a súa relación coa actividade económica*

	Total	Área funcional de Santiago							A Coruña	Galicia
		A Arzúa	Barbanza	A Barcala	Muros	Noia	Orcdes	Santiago		
<b>Poboación maior de 16 anos</b>										
Poboación Activa	325.025	16.529	55.168	10.131	13.758	31.749	33.035	122.840	14.908	12.407
Pob. ocupada	167.234	7.848	28.707	4.966	5.832	14.120	17.236	68.855	7.075	5.579
Pob. parada	148.471	7.145	25.119	4.326	5.091	12.761	15.686	61.045	6.247	4.951
Na procura do 1º emprego	18.763	703	3.588	640	741	1.359	1.550	7.820	828	628
Xa traballou antes	4.176	160	671	139	142	302	265	1.939	188	166
14.587	543	2.917	501	599	1.057	1.265	5.881	640	442	742
Poboación Inactiva	157.791	8.681	26.461	5.165	7.926	17.629	15.799	53.975	7.833	6.828
Xubilado	60.687	4.386	10.017	2.793	2.890	6.422	7.216	17.001	2.845	3.520
Pensionista	21.197	1.136	3.790	540	1.289	2.649	2.138	6.727	1.186	744
Estudante	30.752	1.121	4.968	689	1.237	3.022	2.430	14.296	1.186	842
Tarefas fogar	36.309	1.514	6.653	930	1.999	4.752	3.006	12.374	2.149	1.446
Outras	8.846	524	1.028	213	511	784	1.009	3.577	467	276

Fonte: IGE. Censo de poboación e vivendas 2001

**Cadro 3.1.**

**Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares 2001: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica**

### Homes

	Total	Área funcional de Santiago						A Coruña	Galicia
		Arzúa	Barbanza	A Barcala	Muros	Noia	Ordes	Santiago	
<b>Poboación maior de 16 anos</b>									
Poboación Activa	154.988	8.151	26.671	4.803	6.523	15.173	15.954	57.570	7.054
Pob. ocupada	97.887	4.809	17.025	2.909	3.578	8.987	10.032	38.351	4.445
Pob. parada	88.717	4.422	15.407	2.529	3.196	8.276	9.211	34.805	4.030
Na procura do 1º emprego	9.170	387	16.18	380	382	711	821	3.546	415
Xa traballou antes	1.685	77	260	60	51	112	121	762	66
	7.485	310	13.58	320	331	599	700	2.784	349
Poboación Inactiva	57.101	3.342	9.646	1.884	2.945	6.186	5.922	19.219	2.609
Xubilado	32.726	2.184	5.811	1.287	1.878	3.688	3.652	9.227	1.566
Pensionista	5.367	361	10.59	189	283	708	688	1.766	300
Estudante	13.649	475	2.258	292	528	1.349	1.065	6.403	501
Tarefas fogar	652	59	57	10	14	100	91	211	54
Outras	4.107	263	461	116	242	341	426	1.612	188
<b>Mulleres</b>									
Poboación maior de 16 anos	170.037	8.378	28.497	5.328	7.235	16.576	17.081	65.270	7.854
Poboación Activa	69.347	3.039	11.682	2.057	2.254	5.133	7.204	30.514	2.630
Pob. ocupada	59.754	2.723	9.712	1.797	1.895	4.485	6.475	26.240	2.217
Pob. parada	9.393	316	1.970	260	359	648	729	4.274	413
Na procura do 1º emprego	2.491	83	411	79	91	190	164	1.177	122
Xa traballou antes	7.102	233	1.559	181	268	458	565	3.087	291
Poboación Inactiva	100.690	5.339	16.815	3.211	4.981	11.443	9.877	34.756	5.224
Xubilado	27.861	2.202	4.206	1.506	1.012	2.734	3.564	7.774	1.279
Pensionista	15.230	775	2.731	351	1.006	1.941	1.450	4.961	1.866
Estudante	17.103	646	2.710	397	709	1.673	1.365	7.893	686
Tarefas fogar	35.657	1.455	6.601	920	1.985	2.915	2.915	12.163	472
Outras	4.739	261	567	97	269	443	583	1.965	279

Fonte: INE, Censo de poboación e vivendas 2001

### Cadro 3.2.

ción segundo sexos, o **cadro 3.2.** amosa que o 59,7% da poboación ocupada total da área funcional son homes, sendo esta porcentaxe do 48,9% no caso da poboación parada.

Tendo en conta a relación entre a poboación activa e ocupada coa poboación maior de 16 anos, así como a relación entre a poboación parada e a activa, o **cadro 3.3.** reflicte, por unha banda que no caso da área funcional de Santiago, as taxas de actividade e ocupación son superiores ás rexistradas tanto no conxunto de Galicia como na provincia de A Coruña, acadándose na presente área funcional unha taxa de actividade do 51,4%, unha taxa de ocupación do 45,7%. A taxa de paro situouse no 11,2%, máis dun punto por baixo da media de A Coruña e de Galicia.

Por outra banda, atendendo á distribución segundo sexo, ao igual que para o conxunto de Galicia, dentro da área funcional existe unha diferenza entre as taxas de ocupación e actividade masculina e feminina entorno aos vinte puntos. Así mesmo, a taxa de desemprego é 4,4 puntos porcentuais superior no caso das mulleres, un diferencial menor ao existente no conxunto de Galicia, onde a taxa de paro feminino é 6,2 puntos porcentuais superior á masculina, aínda que superior ao diferencial existente na provincia de A Coruña (2,4 puntos porcentuais).

No que respecta á poboación ocupada, os xa citados **cadros 3.1. e 3.2.** amosan que dos 148.471 ocupados na área funcional de Santiago, 88.717 persoas son homes (o 59,7%), e 59.754 son mulleres (o 40,3%).

Atendendo á distribución sectorial das persoas ocupadas dentro da área funcional, en base aos datos proporcionados polo Censo de Poboación e Vivendas 2001, destacar que, tal como se mostra no **cadro 3.4.**, o 55,2% das persoas ocupadas na área funcional de Santiago traballan no sector servizos (81.938 ocupados), sendo o segundo sector en volume de ocupación a industria que acolle ao 16,4% dos ocupados totais da área funcional (24.337 persoas), fronte ás porcentaxes de ocupación deste sector na provincia de A Coruña (17,9%) e no conxunto de Galicia (18,8%). O sector da construcción acolle ao 13,6% da ocupación total da área funcional (20.197 persoas), o sector da agricultura acolle un 9,4% da ocupación total (13.955 ocupados) e finalmente, o 0,5% restante está ocupado no sector pesqueiro (8.044 persoas).

Comparando co total galego, cómpre salienta-la elevada importancia relativa dos sectores agrícola e construcción (9,4% e 13,6% fronte aos 7,5% e 12,1% de peso relativo na economía galega), así como e o menor peso relativo do sector servizos (55,2% fronte a 58,2% en Galicia). Asemade a ocupación no sector industrial presentan na área funcional un peso porcentual lixeiramente inferior ao existente no conxunto da economía galega.

Atendendo á distribución comarcal, o citado **cadro 3.4.** reflicte que en Santiago, en comparación coas porcentaxes de ocupación por sectores na provincia de A Coruña e no conxunto de Galicia, o peso relativo da poboación ocupada no sector servizos (73,3% da poboación ocupada total na comarca) é moi superior ao que existe no conxunto de Galicia e na provincia de A Coruña, en torno ao 60% nos dous casos. Sen embargo, o peso da ocupación no sector da industria (11,6% da ocupación comarcal total) é máis de seis puntos porcentuais inferior á ocupación provincial no sector. Na comarca do Barbanza destan as maiores porcentaxes de ocupación dos sectores pesca (20,7%) e construcción (24,1%), en relación ás porcentaxes de ocupación medias por sectores existente en Galicia e na provincia de A Coruña.

Asemade, tal como se recolle nos **anexos 3.1 ata 3.10.**, se a análise se fai a nivel municipal, observamos como, agás nos concellos de Santiso, Toques, Frades, Mesía, Tordoia, Boimorto e Mazaricos, onde a maior porcentaxe de ocupación está no sector agrícola, nos 31 concellos restantes da área funcional de Santiago, as maiores porcentaxes de ocupación danse no sector servizos, destacando os concellos da comarca de Santiago, en concreto de Santiago de Compostela (78,7% do total de poboación ocupada), Ames (75,1% da poboación ocupada) e Teo (69% da poboación ocupada total).

**Taxas de actividad, ocupación e paro 2001: distribución segundo sexo**

	Total	Taxa de actividad (%)		Taxa de ocupación (%)		Hombres		Mulleres	
		Taxa de actividad (%)	Taxa de paro (%)	Taxa de actividad (%)	Taxa de ocupación (%)	Taxa de paro (%)	Taxa de actividad (%)	Taxa de ocupación (%)	Taxa de paro (%)
Comarca de Muros	42,4	37,0	12,7	54,9	49,0	10,7	31,2	26,2	15,9
Carnota	43,1	37,4	13,1	53,9	47,4	12,1	33,2	28,4	14,4
Muros	42,0	36,8	12,5	55,4	49,9	9,9	30,0	25,0	16,9
Comarca de Noia	44,5	40,2	9,6	59,2	54,5	7,9	31,0	27,1	12,6
Lousame	43,3	39,5	8,8	58,0	53,3	8,0	30,1	27,0	10,0
Noia	46,0	41,2	10,4	61,1	56,5	7,6	32,2	27,3	15,3
Outes	41,7	37,8	9,3	55,0	50,2	8,6	29,9	26,7	10,6
Porto do Son	45,2	41,1	9,1	60,7	55,9	7,8	30,5	27,0	11,4
Comarca de Ordes	52,2	47,5	9,0	62,9	57,7	8,2	42,2	37,9	10,1
Cercada	47,5	42,4	10,8	58,0	51,4	11,5	37,7	34,0	9,7
Fraídas	50,4	46,1	8,6	59,8	55,6	7,1	41,2	36,8	10,7
Mesa	50,6	47,4	6,3	59,7	56,0	6,2	41,7	39,0	6,5
Ordes	54,0	49,0	9,2	65,3	60,0	8,0	43,6	38,8	10,9
Oroso	58,7	53,1	9,5	71,6	67,1	6,2	46,2	39,5	14,4
Tordoia	52,1	48,6	6,7	60,7	56,1	7,7	44,6	42,1	5,5
Trazo	47,4	42,3	10,8	58,5	52,3	10,6	36,7	32,6	11,1
Comarca de Santiago	56,1	49,7	11,4	66,6	60,5	9,2	46,8	40,2	14,0
Ames	62,3	55,0	11,8	73,6	66,8	9,3	52,1	44,2	15,1
Boqueixón	52,9	51,4	6,3	64,5	60,7	5,9	45,6	42,5	6,7
Brío	52,9	48,3	8,7	64,5	58,7	8,9	42,6	39,0	8,4
Santiago	56,1	49,3	12,2	65,8	59,3	9,9	47,8	40,7	14,9
Teo	50,1	45,4	9,5	68,8	63,9	7,1	42,9	37,3	12,9
Vai do Dubra	46,7	42,3	9,5	57,2	51,4	10,1	37,0	33,8	8,6
Vedra	49,8	45,2	9,3	64,0	59,3	7,4	36,9	32,4	12,1
Comarca de O Sar	47,5	41,9	11,7	63,0	57,1	9,3	33,5	28,2	15,7
Dobro	48,2	39,7	17,5	63,9	56,0	12,4	33,7	24,8	26,4
Padrón	47,5	41,6	12,3	64,0	57,8	9,7	32,6	27,2	16,8
Rois	47,0	43,7	7,0	60,7	56,8	6,5	34,8	32,1	7,7
Comarca de Terra de Melide	45,0	39,9	11,3	58,1	52,0	10,5	31,9	27,9	12,7
Melide	46,7	41,4	11,5	59,5	53,3	10,4	34,6	30,0	13,3
Santiso	41,3	37,6	9,0	53,8	48,8	9,3	28,0	25,6	8,4
Sobrado	43,6	38,2	12,4	57,6	50,8	11,8	29,4	25,4	13,5
Toques	43,6	38,7	11,4	58,5	52,4	10,5	27,8	24,1	13,5
Comarca de Xallas	48,3	42,1	12,9	60,2	53,9	12,8	37,5	29,4	13,1
Mazaricos	48,7	40,4	17,1	58,1	49,0	15,7	40,3	32,7	18,9
Santa Comba	48,1	43,0	10,6	61,4	54,4	11,4	35,9	32,5	9,5
Comarca de A Barcala	49,0	42,7	12,9	60,6	52,7	13,1	38,6	33,7	12,6
A Baña	48,0	40,6	15,4	60,0	49,8	17,0	37,2	32,3	13,2
Negreira	49,8	44,3	11,0	61,0	54,8	10,2	39,7	34,8	12,2
Comarca do Barbanza	52,0	45,5	12,5	63,8	57,8	9,5	41,0	34,1	16,9
Boiro	57,3	49,6	13,3	64,8	57,9	10,7	50,4	42,1	16,5
Pobra do Caramiñal	49,8	43,1	13,4	61,2	55,0	10,2	39,4	32,4	17,8
Rianxo	51,2	43,1	15,9	62,8	55,0	12,4	40,3	31,9	21,0
Ribeira	49,7	44,7	9,9	64,6	60,0	7,2	35,3	30,2	14,7
Comarca de Arzúa	47,5	43,2	9,0	59,0	54,3	8,0	36,3	32,5	10,4
Arzúa	47,6	43,5	8,5	59,2	54,5	7,9	36,4	32,9	9,6
Bomporto	47,9	44,3	7,4	55,0	50,7	7,8	40,5	37,8	6,8
O Pino	47,5	42,2	11,0	60,9	55,6	8,6	34,4	29,2	15,2
Touro	47,1	43,2	8,3	59,0	54,4	7,8	35,8	32,6	9,0
A Coruña	51,0	44,6	12,5	62,4	56,2	9,9	40,7	34,1	16,2
Galicia	50,7	44,3	12,5	62,1	55,9	9,9	40,3	33,8	16,1

Fonte: IGE. Censo de poboación e vivendas 2001

**Cadro 3.3.**

**CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL**  
**INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA**

*Poboación ocupada en vivendas familiares 2001: distribución segundo sector e situación profesional.*

	Total	Arzúa	Barbanza	A Barcala	Muros	Área funcional de Santiago				A Coruña	Galicia
						Noia	Ordes	Santiago	O Sar		
Poboación ocupada	148.471	7.145	25.119	4.326	5.091	12.761	15.686	61.045	6.247	4.951	6.100
Agricultura	13.955	2.017	612	977	156	640	3.467	2.552	590	1.216	1.728
Pesca	8.044	26	5.204	11	639	1.824	52	181	54	23	30
Industria	24.337	1.125	6.064	659	1.031	1.908	3.280	7.068	1.662	698	842
Construcción	20.197	1.109	3.049	751	882	2.241	2.564	6.509	1.027	790	1.275
Servicios	81.938	2.868	10.190	1.928	2.383	6.148	6.323	44.735	2.914	2.224	2.225
Segundo situación profesional											
Trabajador por cuenta propia	35.153	2.608	5.215	1.549	1.072	2.854	5.311	10.852	1.176	1.963	2.553
Emplego personal	9.747	416	1.743	236	315	888	902	4.084	370	402	421
Non emplego personal	25.406	2.192	3.472	1.313	757	1.996	4.409	6.768	806	1.561	2.132
Asalariados	111.772	4.372	19.227	2.756	3.868	9.838	10.299	49.634	4.837	3.522	332.704
Fijo	67.008	2.528	9.893	1.712	1.929	4.910	5.812	34.536	2.472	1.707	776.325
Eventual	44.764	1.844	9.834	1.044	1.939	4.928	4.487	15.098	2.365	2.013	211.476
Otras	1.546	165	177	21	151	69	76	559	234	69	121.228
Axudas familiares	705	104	67	4	21	25	16	276	181	7	283
Membro cooperativas	841	61	110	17	130	44	60	283	53	62	1.448
											3.343

Fonete: (GE. Censo de población e vivendas 2001)

**Cadro 3.4.**

Nos anteriormente sinalados concellos de Santiso, Toques, Frades, Mesía, Tordoia, Boimorto e Mazaricos, o segundo sector máis importante en porcentaxe de ocupación son os servizos, Nos restantes 31 concellos obsérvase diferenzas en relación ao segundo sector en importancia ocupacional. Así, en 13 concellos o segundo sector en ocupación é o industrial (Ames, Boqueixón, Santiago, Teo, Boiro, Pobra do Caramiñal, Rianxo Dodro e Padrón); en 11 concellos da área funcional o segundo sector en ocupación é o agrícola (Val do Dubra, Santa Comba, A Baña, Negreira, Arzúa, Rois, O Pino, Touro, Sobrado, Cerceda e Trazo); en cinco concellos o segundo sector máis importante en porcentaxe de ocupación é a construcción (Brión, Vedra, Melide, Outes e Lousame); e, finalmente, salienta a importancia do sector pesqueiro, como segundo máis importante en canto a ocupación, nos concellos de Ribeira, Porto do Son e Noia.

Atendendo á distribución segundo a súa situación profesional, o **cadro 3.4.** reflicte que o número total de asalariados na área funcional de Santiago no ano 2001, ascendeu a 111.772 persoas (o 75,3% da poboación ocupada na área funcional), o que representa o 33,6% dos asalariados totais da provincia de A Coruña e o 14,4% dos asalariados galegos. Os asalariados con contrato fixo representan o 60% dos asalariados totais (67.008 persoas) e os temporais un 40% (44.764 persoas), sendo estas porcentaxes do 63,5% e 36,5% respectivamente no conxunto de Galicia.

O maior número de asalariados concéntrase na comarca de Santiago con 49.634 persoas asalariadas no ano 2001, o que representa o 44,4% dos asalariados totais da área funcional, a porcentaxe de asalariados fixos na comarca de Santiago é do 69,6%, 6 puntos porcentuais máis que a media de Galicia (63,5%). A segunda comarca en importancia polo número de asalariados dentro da área funcional é a do Barbanza que presenta 19.727 asalariados no citado ano 2001, o 17,6% do total de asalariados existentes na área funcional, sendo a porcentaxe de asalariados fixos na citada comarca do 50%, 10,3 puntos porcentuais por debaixo da media galega.

O número total de empresarios, con e sen asalariados, acadou as 35.153 persoas (o 23,7% dos ocupados na área funcional de Santiago), polo que o seu peso relativo no total provincial e galego foi do 39,4% e do 15,5% respectivamente. Atendendo á distribución entre empresarios con e sen asalariados, o devandito **cadro 3.4.** amosa que 25.406 empresarios da área funcional non empregan persoal (o 72,3%) e que 9.747 si o fan (o 27,7%). A comarca de Santiago é a que acolle un maior número de empresarios tanto con como sen asalariados, co 30,8% dos empresarios totais da área funcional.

No que respecta ás axudas familiares e aos membros de cooperativas, na área funcional de Santiago, estes ascenderon a 705 e 841 ocupados, respectivamente, o que representa o 48,7% e 56,7% do total provincial, respectivamente. A nivel comarcal, no que respecta ás axudas familiares, destacan as comarcas de Santiago e O Sar, co 39,1% e 25,7%, respectivamente, das axudas familiares totais da área funcional, mentres que no caso dos membros de cooperativas, as comarcas de Santiago e Muros, con 283 e 130 individuos, acollen ao 33,6% e ao 15,5% do total da área funcional, respectivamente.

No concernente á **poboación parada**, o **cadro 3.1.** amosa que esta ascendeu a 18.763 persoas, das que 14.587 xa traballaran antes e 4.176 persoas están á procura do seu primeiro emprego. Comparando co total provincial e galego, a área funcional de Santiago acolle o 30,8% do total de desempregados da provincia de A Coruña e ao 12,7% do total de desempregados galegos.

A comarca de Santiago, con 7.820 persoas desempregadas, é a que presenta unha maior cantidade de persoas nesta situación (o 41,7% do total da área funcional), cunha taxa de desemprego do 11,2%.

Atendendo á distribución segundo sexos, o **cadro 3.2.** amosa que, ao igual que acontece para o conxunto da provincia de A Coruña e para Galicia, a área funcional de Santiago presenta un volume de mulleres desempregadas superior ao dos homes. Neste senso, no conxunto da comunidade autónoma a porcentaxe de mulleres sobre o total de persoas desempregadas é do 53,7%, mentres na provincia de

A Coruña esta porcentaxe é do 54,1%, e no conxunto da área funcional a porcentaxe ascende ao 51,1% do total de persoas desempregadas.

A nivel comarcal, este predominio do desemprego feminino, só se presenta nas comarcas de O Barbanza e Santiago, mentres que nas oito comarcas restantes da área funcional o volume de desemprego masculino é maior que o feminino.

No que respecta á **poboación inactiva** e á súa causa, o **cadro 3.1.** mostra que esta poboación ascendeu no conxunto da área funcional a 157.791 persoas (o 33,8% das persoas inactivas da provincia de A Coruña e o 13,7% do total de inactivos da comunidade autónoma), dos que o 63,8% son mulleres (100.690 persoas).

Atendendo á causa da inactividade, o 38,5% das persoas inactivas da área funcional de Santiago (60.687 persoas), son persoas xubiladas. Comparada esta porcentaxe coa existente a nivel provincial, na área funcional á porcentaxe de xubilados é similar á existente na provincia de A Coruña (35,8%), así como á media galega (39,1%).

Atendendo á distribución comarcal, o devandito **cadro 3.1.** reflicte que 53.975 persoas inactivas pertenecen á comarca de Santiago (un 34,2%), seguida en importancia en canto ó número de inactivos da comarca do Barbanza con 26.461 persoas nesta situación (un 16,8%).

#### • Paro rexistrado

O paro rexistrado nas oficinas de emprego da Xunta de Galicia no ano 2005 no conxunto da área funcional ascendeu a 24.582 persoas, o que implica que o 34,2% e o 13,8% das persoas paradas rexistradas nas oficinas da Xunta de Galicia no conxunto da provincia de A Coruña e de Galicia, respectivamente, residen na área funcional de Santiago.

A nivel comarcal, Santiago, Barbanza, Ordes e Noia, con 10.158, 4.705, 2.088 e 2.014 desempregados, respectivamente, son as que acollen un maior volume de desemprego. A comarca de Santiago soporta o 41,3% do paro rexistrado total da área funcional, así como o 14,1% do paro rexistrado total da provincia de A Coruña.

No **cadro 3.5.** recólleñense datos do paro rexistrado a 31 de decembro do ano 2005 desagregados por sectores de actividade económica. Destes datos dedúcese que, ao igual que acontece no conxunto da provincia de A Coruña, a maior parte do desemprego rexistrado en seis das dez comarcas da área funcional prodúcese na actividade de "outros servizos", con 7.357 desempregados, o 29,9% do desemprego total da área funcional de Santiago, seguida das actividades de "Comercio e hostalería" con 5.124 desempregados, o 20,8% do desemprego total, da actividade industrial con 4.214 desempregados, o 17,1% do desemprego total da área funcional, da actividade de construcción con 3.232 desempregados, o 13,1% do desemprego total e dos individuos que non teñen un emprego anterior que con 3.033 persoas supoñen o 12,3% dos desempregados totais existentes a 31 de decembro de 2005 na área funcional de Santiago.

En termos relativos, a área funcional de Santiago acolle ao 34,2% do paro total rexistrado na provincia de A Coruña. Cómpre salienta-la importancia relativa do desemprego rexistrado na área funcional na actividade de agricultura e pesca e na industria que representa o 44,6%, e o 37,3% respectivamente do paro rexistrado nestas actividades no conxunto da provincia de A Coruña.

Tendo en conta a distribución das persoas desempregadas en función da súa idade, **cadro 3.6.**, o 45,3% das persoas desempregadas da zona obxecto de estudio teñen menos de trinta e cinco anos, das que o 62,1% son mulleres. En xeral, o 59,3% das persoas desempregadas da área funcional analizada son mulleres (14.581), das que o 47,4% teñen menos de trinta e cinco anos.

**Paro rexistrado a 31-12-2005: distribución segundo sectores de actividad económica**

	Total	Agricultura e pesca	Industria	Electricidade	Construcción	Comercio e hostelería	Transporte e comunicación	Outros servicios	Sen emprego anterior
<b>Área funcional de Santiago</b>	24.582	816	4.214	43	3.232	5.124	763	7.357	3.033
Arzúa	1.021	32	182	-	170	183	23	294	137
Barbanza	4.705	358	1.428	22	446	944	215	841	451
A Barcala	724	14	88	-	142	146	21	246	67
Muros	920	64	208	-	141	163	61	195	88
Noia	2.014	142	311	5	373	450	59	500	174
Ordes	2.088	47	496	2	360	362	61	470	290
Santiago	10.158	100	956	12	990	2.355	248	4.028	1.469
O Sar	1.170	19	259	1	160	225	31	351	124
Terra de Melide	679	16	129	1	84	117	22	169	141
Xallas	1.103	24	157	-	366	179	22	263	92
<b>Provincia de A Coruña</b>	<b>71.891</b>	<b>1.828</b>	<b>11.305</b>	<b>349</b>	<b>8.605</b>	<b>15.161</b>	<b>2.127</b>	<b>22.494</b>	<b>10.022</b>
<b>Área funcional / Provincia</b>	<b>34,2</b>	<b>44,6</b>	<b>37,3</b>	<b>12,3</b>	<b>37,6</b>	<b>33,8</b>	<b>35,9</b>	<b>32,7</b>	<b>30,3</b>

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral

**Cadro 3.5.**

**Paro rexistrado a 31-12-2005: distribución segundo grupos de idade**

	Total	Menores de 35 anos			Resto de idades			Total
		Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres		
<b>Área funcional de Santiago</b>	<b>24.582</b>	<b>4.219</b>	<b>6.915</b>	<b>11.134</b>	<b>5.782</b>	<b>7.666</b>	<b>13.448</b>	
Arzúa	1.021	136	270	406	284	331	615	
Barbanza	4.705	779	1.508	2.287	880	1.538	2.418	
A Barcala	724	111	184	295	252	177	429	
Muros	920	163	194	357	223	340	563	
Noia	2.014	363	488	851	519	644	1.163	
Ordes	2.088	340	547	887	582	619	1.201	
Santiago	10.158	1.905	2.993	4.898	2.120	3.140	5.260	
O Sar	1.170	189	294	483	307	380	687	
Terra de Melide	679	79	216	295	173	211	384	
Xallas	1.103	154	221	375	442	286	728	
<b>Provincia de A Coruña</b>	<b>71.894</b>	<b>11.987</b>	<b>18.787</b>	<b>30.774</b>	<b>16.120</b>	<b>25.000</b>	<b>41.120</b>	
<b>Área Funcional/Provincia</b>	<b>34,2</b>	<b>35,2</b>	<b>36,8</b>	<b>36,2</b>	<b>35,9</b>	<b>30,7</b>	<b>32,7</b>	

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral

**Cadro 3.6.**

### **Medidas activas de emprego**

As medidas activas de emprego poden agruparse en catro grandes grupos: as medidas destinadas á mellora da empregabilidade, as actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral, as actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego, e, finalmente, os programas de cooperación e escolas obradoiro.

Ao longo do ano 2004 os programas de mellora da empregabilidade configuráronse como unha oferta integral de servizos que se poden agrupar en medidas de formación, asesoramento e intermediación laboral. A xestión de todas estas medidas corresponde ao Servicio Público de Emprego (SPE), contando cunha rede complementaria de entidades que actúan por conta do SPE e baixo a súa coordinación.

O número de beneficiarios das actuacións de orientación laboral no ano 2004 na área funcional de Santiago, **cadro 3.7.**, ascendeu a 8.756 persoas (un 14,7% menos que no ano 2003), o que representa o 34,5% dos beneficiarios totais da provincia de A Coruña e o 14,6% dos beneficiarios galegos destas medidas. A distribución dos beneficiarios destas actuacións por comarcas, mostra como é a comarca de Santiago onde, con diferenza, se localizan un maior número, con 5.987 beneficiarios no ano 2004, o que supón o 68,4% dos beneficiarios totais da área funcional no citado ano.

O **cadro 3.8.** reflicte que do total das citadas 8.756 actuacións efectuadas no conxunto da área funcional no ano 2004, o 55% (4.455 actuacións) corresponde a accións de orientación finalizadas normalmente, mentres que o 33,7% (2.733 actuacións) son aquelas nas que o demandante non asistiu á entrevista.

Nas dez comarcas da área funcional, as orientacións finalizadas normalmente son as más importantes en número, acadando na comarca de Santiago 3.297 actuacións, seguida da comarca de Ordes con 259.

En relación aos datos rexistrados nas oficinas de emprego da Xunta de Galicia no ano 2004, destacar en primeiro lugar que na área funcional de Santiago existen cinco oficinas de emprego da Xunta de Galicia localizadas nos concellos de Boiro (ámbito xeográfico Boiro, Lousame, Noia, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira), Ordes (ámbito xeográfico Frades, Mesía, Ordes, Orosio e Tordoia), Melide (ámbito xeográfico Arzúa, Boimorto, Melide, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar) e dúas oficinas no concello de Santiago, Santiago Centro (ámbito xeográfico Ames e Santiago de Compostela) e Santiago Norte (ámbito xeográfico A Baña, Boqueixón, Brión, Dodro, Negreira, Outes, Padrón, O Pino, Rois, Santa Comba, Santiago de Compostela, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra). Os concellos de Carnota e Muros entran dentro do ámbito xeográfico da oficina de emprego de Cee e o de Cerceda pertence ao ámbito xeográfico da oficina de emprego de Coruña-Porto.

O **cadro 3.9.** mostra como das 631.148 altas de demanda rexistradas na provincia de A Coruña no ano 2004, 125.469 pertencen á área funcional obxecto de estudio (o 19,9%), e das 377.946 baixas de demanda da provincia de A Coruña no citado ano, 125.726 pertencen á área funcional de Santiago (o 33,7%). Nese ano rexistráronse un total de 64.209 contratos no conxunto da área funcional, o que supón o 28,3% do total de contratos rexistrados no citado ano no conxunto da provincia de A Coruña.

No concernente á xestión nestas oficinas, en 2004 rexistráronse un total de 10.439 ofertas de traballo na área funcional de Santiago (o 61,5% do total da provincia de A Coruña), das que a oficina da comarca Boiro acolle o 83% (8.661 ofertas de traballo) e as dúas oficinas de Santiago, con 1.354 ofertas conxuntamente, acollen o 13%.

O devandito **cadro 3.9.** mostra que, en 2004, os centros asociados da área de influencia das oficinas pertencentes á área funcional de Santiago tramitaron un total de 2.240 ofertas (o 34,4% das tra-

**Beneficiarios das actuacións de orientación laboral 2003-04**

	2003	2004
<b>Área funcional de Santiago</b>	10.048	8.756
Arzúa	197	197
Barbanza	1.586	1.300
A Barcala	-	-
Xallas	-	-
Muros	355	314
Noia	282	294
Ordes	438	409
Santiago	6.865	5.987
O Sar	-	-
Terra de Melide	325	255
<b>Provincia de A Coruña</b>	27.892	25.419
<b>Galicia</b>	67.006	59.795

Fonte: Consellería de Traballo, Medidas activas de emprego:balance de resultados

**Cadro 3.7.**

**Resultado das accións de orientación realizadas 2003-04**

	2003							A Coruña	Galicia	
	Área funcional de Santiago									
	Total	Arzúa	Barbanza	Muros	Noia	Ordes	Santiago	Terra de Melide		
CV altamente incoherente: modificado	6		2				4		130	162
Exclusión definitiva programa PIL-RAI	8						5	3	18	30
Exclusión temporal programa PIL-RAI	3						3		17	26
Finalización programa PIL-RAI	235					3	219	13	883	2.071
Necesita más orientación	218	-	24			2	192		976	1.878
Necesita más orientación con urxencia	8						8		21	111
Non lle interesa buscar traballo activamente	1.330	-	23			11	1.296		731	1.406
O demandante non asistiu á entrevista	5.093	37	275	165	92	105	4.342	77	9.017	22.074
Orientación finalizada normalmente	5.219	156	315	190	188	316	3.823	231	14.972	35.209
Perfecta adecuación do seu CV	138	-	3				135		331	1.672
Precisara más orientación, por enfermidade	53	-	5		2		45	1	147	366
Só precisa información	142	4	5			1	132		564	1.803
Sen facilitar	1						1		39	198
<b>Total</b>	<b>12.454</b>	<b>197</b>	<b>652</b>	<b>355</b>	<b>282</b>	<b>438</b>	<b>10.205</b>	<b>325</b>	<b>27.846</b>	<b>67.006</b>
	2004							A Coruña	Galicia	
	Área funcional de Santiago									
	Total	Arzúa	Barbanza	Muros	Noia	Ordes	Santiago	Terra de Melide		
CV altamente incoherente: modificado	7		-			2	5		41	62
Exclusión definitiva programa PIL-RAI	-								-	-
Exclusión temporal programa PIL-RAI	-								1	2
Finalización programa PIL-RAI	11					1	7	3	42	130
Necesita más orientación	121	1	17				103		635	1.229
Necesita más orientación con urxencia	8						8		16	63
Non lle interesa buscar traballo activamente	361	-	16			7	338		621	1.221
O demandante non asistiu á entrevista	2.733	38	135	132	112	139	2.118	59	9.064	21.844
Orientación finalizada normalmente	4.455	157	186	181	182	259	3.297	193	13.902	31.316
Perfecta adecuación do seu CV	184	-	56			1	127		279	1.820
Precisara más orientación, por enfermidade	51	-	4	1			46		166	348
Só precisa información	161	1	-				160		664	1.677
Sen facilitar	4						4		14	109
<b>Total</b>	<b>8.096</b>	<b>197</b>	<b>414</b>	<b>314</b>	<b>294</b>	<b>409</b>	<b>6.213</b>	<b>255</b>	<b>25.445</b>	<b>59.821</b>

Fonte: Consellería de Traballo, Medidas activas de emprego:balance de resultados

**Cadro 3.8.**

**CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL**  
**INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA**

***Movementos e xestións nas Oficinas de Emprego da Xunta 2004***

	Oficinas de emprego na área funcional de Santiago						<b>Total A Coruña</b>
	Total	Boiro	Ordes	Santiago Centro	Santiago Norte	Melide	
<b>Movementos</b>							
Altas de demanda	125.469	40.792	6.703	32.372	40.915	4.687	631.148
Baixas de demanda	125.726	40.491	6.551	32.680	41.269	4.735	377.946
Novas inscripcións	6.254	1.368	447	1.790	2.375	274	18.116
Nº contratos rexistrados	64.209	17.633	2.774	26.442	14.310	3.050	226.416
<b>Xestión</b>							
Nº ofertas de traballo	10.439	8.661	148	886	468	276	16.975
Nº orientacións laborais realizadas	2.239	398	409	786	391	255	6.322
Paro rexistrado a 31/12/2004	20.558	5.957	1.448	4.319	7.889	945	63.879
Nº ofertas tramitadas por centros asociados da área de influencia	2.240	265	204	636	931	204	6.513
Nº demandantes asistentes a cursos de F.O.	3.771	763	223	1.110	1.484	191	12.561

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Consellería de Traballo, Medidas activas de emprego:balance de resultados*

**Cadro 3.9.**

mitadas por estes centros na provincia de A Coruña), das que 1.567 corresponden ás oficinas do concello de Santiago.

O número de demandantes asistentes a cursos de formación ocupacional na área obxecto de estudio ascendeu en 2004 a 3.771 persoas (o 30% do total da provincia de A Coruña), dos que 2.594 pertencen á comarca de Santiago.

No que se refire á programación FIP na área de Santiago, **cadro 3.10.**, ao longo do ano 2005 realizarónse un total de 167 cursos aos que asistiron 2.500 alumnos, cunha media de 15 alumnos por curso, igual que na provincia de A Coruña. O orzamento deste cursos acadou os 4.962 miles de euros, o que representa o 29,7% do orzamento total da provincia de A Coruña para estes cursos. A nivel comarcal, Santiago é quen acolle un maior número de cursos, alumnos e, polo tanto, orzamento, acadando no ano 2005 un total de 106 cursos (73 no concello de Santiago), aos que asistiron 1.585 alumnos (1.090 no concello de Santiago) e cun orzamento de 3.342 miles de euros.

No marco das actuacións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral, **cadro 3.11.**, na área funcional de Santiago beneficiáronse un total de 1.053 traballadores, o que representa o 20,4% do total de beneficiarios da provincia de A Coruña e o 8,4% do total de Galicia. O investimento total neste tipo de medidas ascendeu a 2.520,8 miles de euros nas actuacións levadas a cabo na área funcional de Santiago, sendo o seu peso relativo no investimento total galego do 8,1% (o 19,9% no total provincial).

As medidas de fomento do emprego e da estabilidade laboral complétanse con medidas e axudas a novas iniciativas e outras fórmulas empresariais englobadas baixo o concepto de economía social. No ano 2004, na área funcional de Santiago beneficiáronse das axudas ao desenvolvemento da economía social e do autoemprego un total de 806 persoas, sendo o investimento neste tipo de actuacións na área de 3.206,1 miles de euros (**cadro 3.12.**). Comparado co total provincial e galego, no ano 2004 a área funcional de Santiago acolle ao 23,4% e ao 9,2% dos beneficiarios da provincia de A Coruña e Galicia respectivamente, sendo estas porcentaxes do 25,3% e do 9,8% no caso do investimento realizado.

**Programación FIP 2005: cursos, alumnos e orzamentos**

	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en miles de €)
<b>Comarca de Muros</b>	1	15	33,2
Carnota	1	15	33,2
Muros	-	-	-
<b>Comarca de Noia</b>	10	150	260,2
Lousame	3	45	78,2
Noia	3	45	87,8
Outes	2	30	59,3
Porto do Son	2	30	35,0
<b>Comarca de Ordes</b>	2	30	34,8
Cerdeda	-	-	-
Frades	-	-	-
Mesía	-	-	-
Ordes	2	30	34,8
Oroso	-	-	-
Tordoia	-	-	-
Trazo	-	-	-
<b>Comarca de Santiago</b>	106	1.585	3.342,2
Ames	19	285	577,0
Boqueixón	2	30	27,3
Bríon	2	30	48,5
Santiago	73	1.090	2.342,8
Teo	8	120	331,5
Val do Dubra	2	30	15,0
Vedra	-	-	-
<b>Comarca de O Sar</b>	2	30	73,7
Dobro	-	-	-
Padrón	2	30	73,7
Rois	-	-	-
<b>Comarca de Terra de Melide</b>	9	135	322,5
Melide	9	135	322,5
Santiso	-	-	-
Sobrado	-	-	-
Toques	-	-	-
<b>Comarca de Xallas</b>	5	75	174,1
Mazaricos	-	-	-
Santa Comba	5	75	174,1
<b>Comarca de A Barcala</b>	5	75	110,3
A Baña	3	45	53,2
Negreira	2	30	57,2
<b>Comarca do Barbanza</b>	25	375	567,6
Boiro	2	30	16,8
Pobra do Caramiñal	-	-	-
Rianxo	1	15	9,0
Ribeira	22	330	541,8
<b>Comarca de Arzúa</b>	2	30	43,9
Arzúa	1	15	34,7
Boimorto	-	-	-
O Pino	-	-	-
Touro	1	15	9,1
<b>Total área funcional de Santiago</b>	167	2.500	4.962,4
<b>A Coruña</b>	529	7.930	16.727,8
<b>Área funcional / Provincia</b>	31,6	31,5	29,7

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

---

**Cadro 3.10.**

**CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL**  
**INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA**

---

***Actuacións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral 2004***

	Beneficiarios	Investimento (en €)
<b>Área funcional de Santiago</b>	1.053	2.520.872,1
Provincia de A Coruña	5.153	12.648.077,6
Galicia	12.484	31.057.712,6
Área funcional/A Coruña (%)	20,4	19,9
Área funcional/Galicia (%)	8,4	8,1

Fonte: Consellería de Traballo, Medidas activas de empleo:balance de resultados

**Cadro 3.11.**

---

***Actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego 2004***

	Beneficiarios	Investimento (en €)
<b>Área funcional de Santiago</b>	806	3.206.143,1
Provincia de A Coruña	3.438	12.655.143,5
Galicia	8.705	32.828.794,1
Área funcional/A Coruña (%)	23,4	25,3
Área funcional/Galicia (%)	9,3	9,8

Fonte: Consellería de Traballo, Medidas activas de empleo:balance de resultados

**Cadro 3.12.**

---

***Programas de cooperación e escolas obradoiro 2004***

	Programas de cooperación Beneficiarios	Investimento (en €)	Escolas obradoiro Beneficiarios	Investimento (en €)
<b>Área funcional de Santiago</b>	725	7.609.132	137	913.407
Provincia de A Coruña	2.753	24.117.479,2	1.047	9.121.553,0
Galicia	7.048	60.656.311,7	3.872	33.727.338,1
Área funcional/A Coruña (%)	26,3	31,6	13,1	10,0
Área funcional/Galicia (%)	10,3	12,5	3,5	2,7

Fonte: Consellería de Traballo, Medidas activas de empleo:balance de resultados

**Cadro 3.13.**

---

Finalmente, no que aos programas de cooperación e escolas-obradoiro se refire, o **cadro 3.13.** reflicte que dos programas de cooperación beneficiáronse 725 persoas na área funcional, programas aos que se destinou un investimento de 7.609,1 miles de euros, mentres que os beneficiarios das escolas-obradoiro no ano 2004 na área funcional ascenderon a 137 cun investimento de 913,4 miles de euros. ■